



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECE O SISTEMA DE GOBERNANZA DO CAMPUS INDUSTRIAL

Introdución

A Universidade da Coruña elaborou durante o exercicio 2015 o Plan estratéxico do Campus Industrial de Ferrol para o período 2016 - 2020. O Plan estratéxico foi elaborado para poder definir as accións que posibiliten a implantación do Campus Industrial no Campus de Ferrol. Cun horizonte temporal que chega ata o ano 2020 e cun conxunto de 34 liñas de acción, o orzamento total acada os 11 755 000 euros.

O Plan establece como misión do Campus Industrial a formación de profesionais para o exercicio das actividades profesionais ligadas aos eidos naval e industrial, a investigación e o desenvolvemento baseadas no coñecemento que se xera no campus e que, ademais, busca ser aplicado e valorizable a través dunha transferencia efectiva da ciencia cara ao contorno empresarial, froito dunha estreita interrelación con esta.

No horizonte do 2020 o Plan estratéxico ten como visión que o campus de Ferrol se configure como un campus de referencia e de recoñecido prestixio a nivel nacional e internacional no contexto do Arco Atlántico Europeo, cunha identidade propia visible, e claramente especializado no eido industrial, tanto no ámbito naval e oceánico como noutros eidos industriais, e estreitamente ligado coas potencialidades económicas do seu contorno. Un campus estreitamente relacionado co contorno industrial en que hai unha efectiva valorización da investigación e da innovación e que permite unha transferencia activa do coñecemento co mundo industrial. Un campus en estreita relación cos demais axentes da comarca e que actúa como un axente principal para o desenvolvemento de Ferrol.

O plan estratéxico para o Campus Industrial de Ferrol conta co decidido apoio e o financiamento da Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como do conxunto de axentes públicos e privados que apostan por este novo campus de especialización.

Obxectivos do Campus Industrial

- Acadar un campus universitario cohesionado e integrado territorialmente na cidade e na área de influencia de Ferrol, logrando unha optimización das súas infraestruturas e recursos e acadando unha estrutura organizativa que permita xerar sinerxías entre os centros e os grupos de investigación existentes na actualidade.

- Fomentar a colaboración interdisciplinar para definir unha visión común dos diferentes centros e grupos de investigación ao redor do ámbito naval e oceánico, así como do sector industrial, que permita incrementar os niveis de calidade na formación, a investigación e a transferencia.
- Lograr un mellor posicionamento do Campus Industrial para aumentar a súa proxección exterior e deste xeito aumentar a capacidade de atracción de talento, tanto desde o punto de vista docente como investigador, así como unha maior contribución como axente dinamizador de Ferrol e da súa comarca.
- Impartir unha docencia especializada, de calidade e adaptada ás necesidades cambiantes da industria e da sociedade, cunha oferta formativa de grao e mestrado especializada, innovadora e con perfís profesionais adaptados ao seu contorno.
- Acadar unha investigación de calidade, multidisciplinar, recoñecida e de valor para o tecido industrial, de xeito que exista unha escoita efectiva para detectar os seus intereses, preocupacións e prioridades a que se lles poida dar resposta a través de I+D e que permita que o campus alcance unha posición de liderado internacional nas súas áreas de especialización.
- Facer da Universidade un motor de dinamización do tecido produtivo, social e económico baseado na colaboración efectiva entre o campus e os axentes e o sector industrial.
- Aumentar e diversificar as fontes de financiamento, o desenvolvemento de liñas e proxectos de I+D financiados e aumentar a participación en proxectos de I+D no sector privado.

Articulación do Plan

A articulación do Plan estratéxico faise a través dos quince obxectivos operativos seguintes:

1. Mellorar a estrutura organizativa e territorial do campus de especialización industrial de Ferrol.
2. Aproximar, simplificar e mellorar a xestión administrativa e a relación da UDC co campus de Ferrol.
3. Mellorar as infraestruturas comúns destinadas á comunidade estudiantil e docente.
4. Aumentar a proxección exterior do Campus de Especialización Industrial de Ferrol.

5. Crear unha estratexia de mercadotecnia propia do Campus de Especialización industrial de Ferrol.
6. Reforzar a oferta académica para que sexa máis atractiva e adaptada ao mercado laboral.
7. Potenciar a captación do PDI no campus de Ferrol.
8. Motivar, actualizar e internacionalizar o PDI do campus industrial.
9. Fomentar a innovación e a proximidade da docencia universitaria ao mundo empresarial.
10. Impulsar a mobilidade e a internacionalización do alumnado.
11. Lograr unha I+D do Campus de Ferrol máis competitiva, multidisciplinar e recoñecida.
12. Facer unha I+D recoñecida que contribúa á competitividade do sector industrial.
13. Facilitar a xestión dos recursos de I+D.
14. Reforzar as infraestruturas comúns de investigación e desenvolvemento do campus.
15. Incrementar as colaboracións e as sinerxías entre o campus universitario de Ferrol e os axentes e o sector industrial.

Gobernanza do Campus Industrial

Para a posta en marcha, o impulso permanente, a xestión integral e o liderado do Campus Industrial, a organización e estrutura do Campus, conforme as liñas definidas no plan de implantación da primeira fase do Plan estratéxico para o período 2016-2017, son as seguintes:

- Comisión Reitora
- Comité de Dirección e Xestión
- Comité Internacional de Expertos

Comisión Reitora:

O Campus Industrial de Ferrol será rexido e administrado por unha Comisión Reitora integrada polas seguintes persoas:

- Presidencia: o/a reitor/a da Universidade da Coruña
- Vogais do campus, en representación da UDC formarán parte da comisión reitora, con voz e voto, os seguintes vogais:
 - 4 representantes do equipo reitoral, entre os que necesariamente estarán a vicerreitoría responsable do campus de Ferrol e a Xerencia
 - 2 representantes dos decanos/as e directores/as das facultades e escolas do campus de Ferrol
 - A Presidencia do Consello Social da Universidade

- Vogais institucionais, formará parte da Comisión Reitora, con voz e voto, un representante de cada unha das distintas institucións da Administración autonómica, provincial, local e do sector empresarial que se citan a continuación:
 - Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia
 - Axencia Galega de Innovación da Xunta de Galicia
 - Concello de Ferrol
 - Deputación da Coruña
 - Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrán
 - Armada Española
 - Sector empresarial da comarca

A Secretaría da Comisión Reitora será exercida polo/a director/a do campus, que actúa con voz pero sen voto.

Comité de Dirección e Xestión:

A dirección e xestión ordinaria do campus articularase a través da Oficina do Campus. As súas funcións principais serán a posta en marcha, a xestión, o control e a supervisión das actividades recollidas no Plan estratéxico. O Comité estrutúrase do seguinte xeito:

- O/a director/a do campus, que asumirá o liderado e a dirección executiva das distintas áreas de xestión do Campus Industrial. Será designado/a polo reitor de entre persoas con acreditada competencia nalgúns dos campos definidos para o Comité Internacional de Expertos.
- O/a coordinador/a técnico/a do Campus Industrial
- Un representante da vicerreitoría responsable do Campus de Ferrol
- Un representante da vicerreitoría responsable de Investigación e Transferencia
- Un representante da Xerencia

A Oficina do Campus Industrial está integrada polo coordinador técnico, como responsable da Oficina, que terá dedicación completa a esta tarefa e estará asistido por un equipo técnico composto por un técnico de apoio, así como unha asistencia técnica externa como soporte na implementación das diversas medidas do Plan estratéxico.

De acordo coa importancia estratéxica de determinadas medidas e accións, establécense as seguintes áreas específicas de xestión na Oficina, dependentes do director do campus:

1. Promoción e Proxección Exterior
2. Docencia e Investigación
3. Relación co Sector Industrial e Social

Comité Internacional de Expertos:

O Campus Industrial de Ferrol contará cun Comité Internacional de Expertos que apoiará a Oficina do Campus Industrial de Ferrol fundamentalmente na definición e xestión das medidas e accións previstas.

O Comité estará formado por persoas de entidades nacionais e internacionais e outros axentes chave para o campus, e estará presidida por unha personalidade de referencia na área científico-tecnolóxica, preferiblemente do ámbito nacional. Entre os expertos que compoñen o Comité estarán representadas as universidades, os centros tecnolóxicos e o sector empresarial. Terase en conta a participación de egresados/as do campus de Ferrol que ocupan postos relevantes en empresas e institucións nacionais e internacionais. Os perfís dos distintos compoñentes do Comité de Expertos deberán cubrir os seguintes aspectos:

- Xestión da innovación empresarial
- I+D+i en enxeñaría industrial, naval e oceánica
- I+D+i en tecnoloxías da información e das comunicacións
- Relacións internacionais e captación de talento
- Emprendemento
- Transferencia tecnolóxica
- Clusters empresariais da industria, enxeñaría e naval
- Empresas de referencia de contorno

Por todo o exposto, e co obxecto de poñer en marcha a primeira fase de implantación do Campus Industrial de Ferrol mediante a designación dos órganos que conforman a súa gobernanza,

DISPOÑO,

PRIMEIRO: designar o profesor Dr. Ginés Nicolás Costa, director do Campus Industrial, que presidirá o seu Comité de Dirección e Xestión, con asignación do cargo equivalente a decano para os efectos académicos, administrativos e económicos.

SEGUNDO: a Coordinación Técnica do Comité de Dirección e Xestión corresponderalle á persoa que desempeñe o posto de Secretaría Técnica do Campus de Ferrol, baixo a superior dirección da Vicexerencia do Campus en materia económica e administrativa. En materia de xestión e xustificación de gastos, a Vicexerencia do Campus de Ferrol coordinarase cos servizos económicos centrais a través da Vicexerencia de Asuntos Económicos do Campus da Coruña.



TERCEIRO: a Oficina do Campus Industrial contará, ademais, co apoio das unidades económicas, administrativas e de xestión de investigación e transferencia do campus de Ferrol que precise por razón da materia.

CUARTO: a Comisión Reitora e o Comité Internacional de Expertos do Campus Industrial serán designados por resolución reitoral, unha vez recibidas as propostas necesarias de representantes e expertos por parte das entidades que forman parte do campus.

QUINTO: Esta resolución surtirá efectos desde o día 1 de xuño de 2016.

A Coruña, 31 de maio de 2016

O reitor,

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Julio E. Abalde Alonso